



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE O CARBALLIÑO PARA A CELEBRACIÓN DA FESTA DO PULPO 2018.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co concello do Carballiño o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e o concello de O Carballiño, para o apoio á celebración da Festa do pulpo 2018 por considerar este evento como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.

Así mesmo no exercicio das súas funcións, a este órgano correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Segundo.- O concello do Carballiño, segundo se sinala no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, ten competencias en materia de turismo,





realizando para iso diversas actuacións entre as que cabe destacar a celebración da Festa do Pulpo.

Terceiro.- A Festa do pulpo de O Carballiño é, unha antiga romaría que cumpre cincuenta e cinco anos de historia e que debe o seu éxito á exaltación dunha das manifestacións gastronómicas máis típicas de Galicia, a degustación do pulpo á feira, que chegou a converter este produto orixinal das rías galegas no prato máis característico e popular desta localidade do interior convertendo a esta romaría popular nunha auténtica tradición, sendo declarada de Interese turístico Nacional no ano 2012.

Cuarto.- A categoría e relevancia acadada por esta celebración fan que esta acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos extraordinarios recursos turísticos deste país e impulsando así a mellora económica do sector.

Que a través deste convenio, outórgase ao concello do Carballiño unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

Mª Elena Barca Ramos





XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Axencia Turismo de Galicia

galicia

